

O trap da colocación do pronome

https://www.youtube.com/watch?v=PBHRc_Zc9sE&t=150s

Se me dis que me queres

non me digas te quero

recorda que o pronome

vai despois do verbo.

Se xa non me desexas

dime non te desexo

que vai diante o pronome

porque hai un adverbio de negación...

hai un adverbio

(abaixo, abaixo todas)

Se tes problemas de colocación

cos pronomes cando falas

escoita atenta esta canción:

recorda que o pronome sempre vai despois do verbo

excepto se aparece antecedendo un adverbio (x3).

Ninguén me dixo que hoxe

ía haber rebolo.

Cando me vas chamar,

vou volverme tolo!

Tamén se adianta o pronome

se hai interrogativos

e o mesmo acontece

con algún indefinido...indefinido (x2)

(outra vez abaixo todo o mundo)

Se tes problemas de colocación

cos pronomes cando falas

escoita atenta esta canción:

recorda que o pronome sempre vai despois do verbo

excepto se aparece antecedendo un adverbio (x4).

(Grazas! Que viva o Reggaeton, que viva a nosa lingua e que viva o LGx15)

-. Despois de escoitar a canción fíxate nos pronomes que están subliñados, onde están colocados? Sabes dicir por que?